



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Asunto: SELECCIÓN DE DOUS CHOFERES PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA  
ADSCRITO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.-**

Con data 12 de xuño de 2014 o concello asinou coa Consellería do Medio Rural e do Mar un Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

A cláusula 4ª do dito convenio obriga ao concello a realizar a contratación dos dous choferes que manterán operativo o vehículo durante 16 horas ó día durante 3 meses do ano 2014.

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 3 de abril de 2013, previa negociación co Comité de Empresa do concello, aprobou as bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2013. En dito acordo inclúese a contratación de persoal laboral temporal para o desenvolvemento de postos de traballo non incluídos na RPT financiados integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública.

Por todo isto, esta Alcaldía, convoca proceso selectivo para a selección de dous choferes para o vehículo motobomba adscrito ao servizo de prevención de incendios forestais con arreglo as Bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2014 aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 3 de abril de 2014 a ás bases específicas sinaladas ao respecto no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar e do Medio Rural e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**ACORDA**

**Primeiro.- Características dos postos de traballo.-**

Convocase proceso selectivo para a cobertura de dous postos de traballo de chofer para o vehículo motobomba adscrito ao servizo de prevención de incendios forestais.

Coas persoas seleccionadas asinarase un contrato laboral temporal a tempo completo durante 3 meses de duración

A retribución que percibirán os/as traballadores/as contratados/as será a fixada no dito convenio de colaboración.

**Segundo.- Requisitos dos/as aspirantes.-**

Os/a traballadores/as que sexan contratados/as deberán posuír os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso de conducir Clase C.
- b) Ter experiencia acreditada nas tarefas de extinción de incendios forestais.
- c) Posuír unha capacidade física axeitada.

**Terceiro.- Procedemento de selección.-**

O procedemento de selección desenvolverase do seguinte xeito:



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

- 1) Se inicia coa presente Resolución da Alcaldía.
- 2) Paralelamente o concello requirirá da entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), concello de Vilanova de Arousa, que tramite ante o dito SPEG unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar. En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá anunciar tal circunstancia a través da súa páxina web [www.vilanovadearousa.com](http://www.vilanovadearousa.com) dentro do portal "oferta pública de emprego".
- 3) Recibida no concello a proposta correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia se celebrará a entrevista curricular e regrada ás persoas incluídas no listado. A dita citación corresponderá efectuala ao dito organismo.
- 4) En dita entrevista os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:
  - a) Fotocopia compulsada do permiso de conducir tipo C en vigor.
  - b) Certificado médico de posuír capacidade física para participar nas tarefas de extinción de incendios forestais.
  - c) Certificado acreditativo expedido polo organismo ou institución onde estivo contratado en ano/s anterior/es nas tarefas de extinción de incendios forestais.
  - d) A entrevista será realizada por unha comisión de selección nomeada polo alcalde con anterioridade.
- 5) A entrevista será valorada de 0 a 5 puntos e a experiencia en tarefas de extinción de incendios forestais puntuarase a razón de 2 puntos por campaña anual ate un máximo de 10,00 puntos.
- 6) Trala celebración da entrevista a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado.

Vilanova de Arousa a 23 de xuño de 2014.

O ALCALDE



Gonzalo Durán Hermida

ANTE MIN.DOU FE  
O SECRETARIO XERAL



Javier Bouzada Romero